

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DA
CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DE ALCALDE – MANDATO 2019-2023
CELEBRADA O DÍA 15/06/2019
(<http://sede.vilagarcia.gal>)**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO
-D. MIGUEL ÁNGEL GARCÍA MIGUÉNS
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

A presente sesión é gravada (imaxe e son) polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla, utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL ELIXIDA NAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 26 DE MAIO DE 2019 (CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE, COMPROBACIÓN DA ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS REMITIDA POLA XUNTA ELECTORAL DE ZONA ASÍ COMO DAS DECLARACIÓN DE BENS E INTERESES E POSTERIOR PRESTACIÓN DE XURAMENTO OU PROMESA POR PARTE DOS/AS CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS).

Declarada aberta a sesión, pola Sra. Secretaria procédese a chamar ás Concelleiras electas de maior e de menor idade dos presentes, co obxecto de forma-la Mesa de Idade, da que será Secretaria a da Corporación, segundo establece o artigo 195-2, da LOREX, e o artigo 37-2 do ROF, correspondendo a designación a DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ e a DONA LUCÍA CESAR VELOSO, que pasan a ocupar o lugar destinado ó efecto, quedando constituída a MESA DE IDADE por:

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 12:00 do día 15/06/2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinario convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Constitución da Corporación Municipal elixida nas eleccións locais celebradas o día 26 de maio de 2019 (constitución da mesa de idade, comprobación da acta de proclamación de concelleiros/as electos/as remitida pola Xunta Electoral de Zona así como das declaracións de bens e intereses e posterior prestación de xuramento ou promesa por parte dos/as concelleiros/as electos/as).

2.- Toma de coñecemento da acta de arqueo extraordinario e relación de bens municipais.

3.- Elección do Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa e posterior toma de posesión do cargo.

MESA DE IDADE

DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ Concelleira asistente de maior idade.

DONA LUCÍA CESAR VELOSO, Concelleira de menor idade.

Secretaria:

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ, Secretaria da Corporación.

Seguidamente a Secretaria, de orde da Sra. Presidenta, dá lectura ás disposicións aplicables á constitución dos novos Concellos, entre elas a contida no artigo 195 da LOREX., cuxo texto se transcribe:

<< 1.- As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, agás que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos Concelleiros electos, constituíndose nese caso o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2.- A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretaria a que o é da Corporación.

3.- A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos/as electos/as con base ás certificacións que a Xunta Electoral de Zona lle remitira ó Concello.

4.- Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a corporación se concorren a maioría absoluta dos/as concelleiros/as electos/as. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a corporación calquera que fose o número de concelleiros presentes.>>

Acto seguido deuse lectura pola Secretaria dos nomes e apelidos dos Sres/as Concelleiros/as electos/as, comprobadas pola Secretaria as credenciais presentadas coa acta da Xunta Electoral, figurando as seguintes no expediente desta sesión:

PRESENTADA

-D. ALBERTO VARELA PAZ	“
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN	“
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA	“
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES	“
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	“
-DONA SONIA OUTÓN CASAL	“
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO	“
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ	“
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA	“
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA	“
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	“
-DONA MATILDE LAYA LORENZO	“
-D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGRO	“
-D. MIGUEL ÁNGEL GARCÍA MIGUÉNS	“
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN	“
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ	“

-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO	“
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO	“
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	“
-DONA MARÍA DE LA O FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	“
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	“

Pola Secretaria dáse conta de que os/as candidatos/as electos/as en cumprimento do disposto no número 7 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, presentaron declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais, xunto coas liquidacións do imposto sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, os/as Sres./as Concelleiros/as deben tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleiro/a, os/as candidatos/as electos/as deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, procedéndose a chamar ós/as Sres/as. Concelleiros/as para que realicen a devandita promesa ou xuramento.

Farán o xuramento ou promesa utilizando a fórmula recollida no RD 707/79, de 5 de abril, ou no acordo da Xunta Electoral Central de 10 de xuño de 2019 que consiste en que cada concelleiro/a pronuncie a formula ante un exemplar da Constitución.

OPCIÓN A:

Os/as concelleiros/as, empregan a fórmula de, “xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ó Rei, gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado”. (RD 707/79, de 5 de abril).

OPCIÓN B:

Os/as concelleiros/as, empregan a fórmula de” xuro ou prometo Acatar a Constitución Española” (acordo XEC de 10 de xuño de 2019)

Posteriormente a Sra. Secretaria Xeral nomea a cada un/ha dos/as concelleiros/concelleiras electos/as, que se irán, achegando ao estrado para ler a fórmula persoalmente ante un exemplar da Constitución, tras o cal a Presidenta da mesa lle irá impondo a medalla da Corporación.

CONCELLEIRO/A	FORMULA
D. ALBERTO VARELA PAZ	Prometo (RD 707/79)
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN	Prometo (ACORDO XEC de 10 de xuño de 2019)
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	Prometo (RD 707/79)
DONA PAOLA MARÍA MOCHALES	Prometo (RD 707/79)
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	Prometo (RD 707/79)
DONA SONIA OUTÓN CASAL	Prometo (RD 707/79)
D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO	Prometo (RD 707/79)
DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ	Prometo (ACORDO XEC de 10 de xuño de 2019)
D., ÁLVARO CAROU GARCÍA	Prometo (ACORDO XEC de 10 de xuño de 2019)
DONA ALBA BRIONES GAMARRA	Prometo (RD 707/79)
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	Prometo (ACORDO XEC de 10 de xuño de 2019)

DONA MATILDE LAYA LORENZO	Prometo (ACORDO XEC de 10 de xuño de 2019)
D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO	Xuro (RD 707/79)
D. MIGUEL ÁNGEL GARCÍA MIGUÉNS	Prometo (RD 707/79)
DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN	Xuro (RD 707/79)
DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ	Xuro (RD 707/79)
D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO	Prometo (ACORDO XEC de 10 de xuño de 2019)
DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO	Por imperativo legal Prometo (ACORDO XEC de 10 de xuño de 2019)
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	Prometo (ACORDO XEC de 10 de xuño de 2019)
DONA MARÍA DE LA O FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	Prometo (ACORDO XEC de 10 de xuño de 2019)
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	Xuro (RD 707/79)

Por DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ e DONA LUCÍA CESAR VELOSO, membras da Mesa de Idade, impoñen a medalla da corporación a cada un/ha dos/as concelleiros/as electos/as

CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Realizadas as operacións anteriores, a Mesa declara constituída a Corporación, ó concorrer a totalidade dos/as Concelleiros/as electos/as, seguintes:

CONCELLEIROS QUE INTEGRAN A CORPORACIÓN	
NOME E APELIDOS	LISTA ELECTORAL
-D. ALBERTO VARELA PAZ	PSdeG-PSOE
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN	PSdeG-PSOE
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA	PSdeG-PSOE
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES	PSdeG-PSOE
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	PSdeG-PSOE
-DONA SONIA OUTÓN CASAL	PSdeG-PSOE
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO	PSdeG-PSOE
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ	PSdeG-PSOE
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA	PSdeG-PSOE
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA	PSdeG-PSOE
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	PSdeG-PSOE
-DONA MATILDE LAYA LORENZO	PSdeG-PSOE
-D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO	PP
-D. MIGUEL ÁNGEL GARCÍA MIGUÉNS	PP
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN	PP
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ	PP
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO	PP
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO	BNG
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	VILAGARCÍA EN COMUN
-DONA MARÍA DE LA O FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	MAREA DA VILA
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	CIUDADANOS (C's)

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190615&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIO E RELACIÓN DE BENS MUNICIPAIS.

A Secretaria dá conta da incorporación ó expediente da acta de arqueo extraordinaria ó peche das operacións do día 14 de xuño de 2019 , que se transcribe.

ARQUEO EXTRAORDINARIO A 14 de xuño de 2019 ás 10:00 horas.

RESUMO	EXISTENCIAS CONCELLO	EXISTENCIAS FUNDACIÓN	TOTAL CONSOLIDADO
BANCOS	5.235.943,37 €	85.486,46 €	5.321.429,83 €
CAIXA METÁLICO	10.505,81 €	350,00 €	10.855,81 €
CAIXA VALORES	3.131.823,59 €	0,00 €	3.131.823,59 €
SUMAS	8.396.272,77 €	85.836,46 €	8.464.109,23 €

Así mesmo, a Secretaria da conta da incorporación ó expediente do inventario de bens, segundo valoración realizada pola Empresa Asesora Asistencia Pericial SL a data de 19 de abril de 2018.

I. INVENTARIO DE BENS: RELACIÓN DOS BENS, DEREITOS E CAPITAIS

Nº no Inventario	ENUMERACIÓN DOS BENS	VALORACIÓN
1.-	Inmobles	68.557.385,46.-
2.-	Vehículos	----- 201.479,00.-
3.-	Mobles (contido inmobles)	----- 10.046.718,23.-
	TOTAL EUROS:	----- 78.805.582,69.-

II. PASIVO FINANCIERO: RELACIÓN DE PRÉSTAMOS E GRAVAMES

Nº	ENUMERACIÓN DAS CARGAS	IMPORTE
	Préstamos a longo prazo (31-05-2019)	4.909.110,40 €
	Préstamos a curto prazo (operación de tesourería)	0,00 €
	TOTAL:	4,909.110,40 €

III. RESUMO:

INVENTARIO DE BENS..... 78.805.582,69 euros.

PASIVO FINANCIRO.....4.909.110,40 euros

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190615&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

3.- ELECCIÓN DO ALCALDE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E POSTERIOR TOMA DE POSESIÓN DO CARGO.

Despois da constitución da Corporación a Secretaria que subscribe, de orde da Sra. Presidenta, deu lectura ó artigo 196 da LOREX, que establece o procedemento para a elección de Alcalde.

<<Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento.

A) Poden ser candidatos/as tódolos/as Concelleiros/as que encabecen as súas correspondentes listas.

B) Se algún deles/as obtén a maioría absoluta dos votos dos/as Concelleiros/as é proclamado/a electo/a.

C) Se ningún deles/as obtén esta maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.>>

O resultado das eleccións locais en Vilagarcía de Arousa foi o seguinte:

- Número de electores. 30.514
- Número de votantes: 18.346
- Número de votos a candidaturas: 18.033
- Número de votos válidos: 18.208
- Número de votos nulos: 138
- Número de votos en branco: 175

Pódense presentar como candidatos/as para Alcalde os/as Concelleiros/as que encabezan as súas correspondentes listas, que son os seguintes:

CANDIDATOS/AS	LISTA ELECTORAL	Votos obtidos	de
1. D. ALBERTO VARELA PAZ	PSdeG-PSOE	8.642	
2. D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO	PP	4.170	
3. DONA LUCÍA CESAR VELOSO	BNG	1.436	
4. D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	Vilagarcía en Común	1.217	
5. DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	Marea da Vila	1.130	
6. D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	Ciudadanos (C's)	922	

Unha vez formulada a vontade de presentarse como candidatos/as D. ALBERTO VARELA PAZ, D.

ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO, DONA LUCÍA CESAR VELOSO, D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ, DONA MARÍA DE LA O FERNÁNDEZ GONZÁLEZ e D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO. Explícaselles aos /ás concelleiros/as que nas papeletas, que están en branco, deberán escribir o nome do/a candidato/a ou deixalas en branco, que se entendería como abstención.

Efectuada a votación polos Concelleiros mediante papeletas secretas, e realizando o escrutinio, producíronse os seguintes resultados:

CANDIDATOS/AS	VOTOS OBTIDOS	
	EN LETRA	EN NÚMEROS
D. ALBERTO VARELA PAZ	doce	12
D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO	cinco	5
DONA LUCÍA CESAR VELOSO		
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ		
DONA MARÍA DE LA O FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	un	1
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO		

Votos a candidatos/as 18.

Votos en branco 3.

Obtendo a candidatura presentada por D Alberto Varela Paz, en representación do Partido P.S. de G-PSOE, 12 votos, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, queda proclamado Alcalde do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa para o mandato 2019-2023, D. ALBERTO VARELA PAZ (PSdeG-PSOE)

TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE

Acto seguido e de conformidade cos artigos 18 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 40, número 2, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións locais, D. ALBERTO VARELA PAZ.

"Promete, pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE do Concello de Vilagarcía de Arousa con lealdade ó Rei, gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado"

A continuación entrégaselle polos membros da Mesa de Idade, ó Sr. Alcalde, o bastón de mando e a medalla da Alcaldía, atributos propios do cargo.

A continuación o Sr. Alcalde diríxese aos Concelleiros/as e ao público asistente na sala de sesión, do seguinte xeito:

Bos días, veciñas e veciños de Vilagarcía, e con especial agarimo á Alcaldesa e Alcaldes aquí presentes, así como aos cargos institucionais e representantes de entidades do tecido social e asociativo da nosa Vilagarcía. Grazas a todos pola vosa presenza.

Alá por 1915, Joaquín Sorolla recalou en Vilagarcía para pintar un cadro para un mecenas norteamericano. Ese cadro debía representar a toda Galicia. Preguntado por que escollera Vilagarcía, o mestre valenciano expresouno con delicada e poética beleza: "Elixín Vilagarcía polo seu fermoso horizonte".

Máis de 100 anos despois, Vilagarcía camiña hoxe polo horizonte que entón se podía albiscar. E mal no ten ido a cousa, se me permiten a valoración. Hoxe vivimos nun mundo mellor que aquel. Imperfecto, si; con problemas e con desafíos que reviven cada certo tempo e que ameazan con pasos atrás, tamén... pero con realidades que igualmente nos amosan que a xeración de cada fillo vive mellor que a dos seus pais. Así debe ser e, de non ser, sería un fracaso colectivo.

A Vilagarcía de hoxe vive dentro dese progreso que camiña, ás veces máis rápido e ás veces máis lento. Como Alcalde, e en nome do goberno saínte, podó asegurarlles que nos sentimos herdeiros de todas as persoas que deron o mellor de si para que Vilagarcía avanzara. De todas. Daquelas coas que compartimos máis, e daquelas coas que menos, porque todas traballaron por avanzar no sentido que mellor consideraron.

Chegamos ata aquí, sen dúbida, a ombros de xigantes. Por iso é imprescindible agradecer ás persoas que asumiron esa tarefa nun pleno municipal como o que hoxe se constitúe: aquí están alcaldes e alcaldesa representando a aquelas corporacións, pero tamén os que nos últimos catro anos dedicaron tanto tempo e vontade a traballar neste pleno e xa non estarán a partir de hoxe. A uns e a outros, milleiros de gracias en nome da vosa cidade.

Aínda que son catro anos máis vello, e espero que tamén algo máis sabio, podó aseguravos que hoxe sinto o mesmo que aquel día en que, por primeira vez, tomei posesión como alcalde: unhas cóxegas que me recorren todo o corpo, síntoma da enorme responsabilidade que se deriva deste acto, pero tamén, e sobre todo, da honra e do orgullo de formar parte desta gran familia á que chamamos Vilagarcía de Arousa.

Por iso, o meu agradecemento máis sincero a todos os que, co seu voto, amosaron a súa confianza, non en min nin no magnífico equipo que me acompaña, senón nun proxecto de cidade que, iniciado por todos hai tempo, parece que vai ben encamiñado.

Por suposto, ese agradecemento é tamén extensible a todos os que apostaron por outras opcións, tan lexítimas como a nosa. O transcendente é que o apoio a uns e a outros é a demostración patente do interese dos cidadáns pola cousa pública, en definitiva, do interese pola Vilagarcía que todos queremos.

Na construción dunha cidade -e máis dunha cidade como a nosa, con todas as cualidades e potencialidades que ten- todos somos necesarios, ninguén sobra. Por iso, quero reiterar -aquí e agora- algo que xa dixen o mesmo día 28: É evidente que, con respecto a 2015, a correlación de forzas mudou, pero iso nada cambia a idea inicial: todos somos necesarios. Non importa tanto o número e a orde de sumandos, senón o resultado da suma en si.

Vivimos nunha cidade fermosa -Sorolla sabíao ben-, magnificamente situada no medio do eixo atlántico de Galicia, con servizos que serían a envexa doutras localidades de maior tamaño. Unha cidade que desborda talento en moitos eidos, que polo seu carácter de capital comarcal é polo de atracción para investir ou residir, unha cidade que demostra cada día o seu carácter solidario e aberto.

Temos moitas razóns para sentirmos orgullosos do feito nas últimas décadas e de ser como

somos, pero temos tamén outros tantos motivos para non perder de vista que aínda queda moito por facer. E para iso, insisto, somos necesarios todos.

Podemos discrepar -e é bo que discrepemos, porque ninguén está en posesión da verdade- sobre as pequenas ou medianas cousas do cada día: o estado das infraestruturas, o funcionamento dos servizos, a atención ás parroquias... ata o programa das festas. Pero esta cidade ten retos con maiúsculas para cuxa solución non basta con que un só grupo teña máis respaldo que os demais.

A creación dun novo centro de saúde, o desdoblamento da estrada a Pontevedra, o saneamento no noso litoral, a aprobación do Plan Xeral, a mobilidade sustentable ou a intermodalidade no transporte, por citar so algúns, son retos nos que nin debemos nin queremos estar sos. De feito, en moitos deles dependemos doutras administracións. Por iso quero insistir en que, alomenos neste aspecto, nada mudou con relación a 2015: a miña intención -a nosa intención- é que neses grandes retos para a Vilagarcía que queremos -para hoxe e para mañá- todos podamos traballar xuntos. Os diferentes puntos de vista sen dúbida enriquecerán o camiño a seguir, e por iso é tan necesario que todos os grupos da corporación nos apliquemos nesa tarefa.

Dende logo, o meu despacho estará sempre aberto e a man, tendida. Porque, con maior ou menor apoio, os seis grupos e os vinte e un concelleiros e concelleiras temos un mesmo mandato: facer de Vilagarcía de Arousa unha cidade cada día mellor, na que ninguén quede atrás ou ao carón.

Como todos sabemos, un concello ten unha dobre acepción. Unha é xurídica, como entidade básica de organización do Estado. A outra é social, como conxunto de persoas que, asentadas nun mesmo territorio, se organizan para desenvolver en común os fins da vida. Pois ben: os case 40.000 veciños desta cidade con alma de vila nos deron a nós -aos vinte e un concelleiros e concelleiras- un mandato unívoco: a organización da convivencia e dos asuntos comúns. E nesa tarefa todos temos algo que dicir: o goberno, que ten que liderar esa encomenda, pero tamén a oposición, que ademais de aportar os seus puntos de vista, ten que servir de acicate e de control a ese goberno.

Partindo desta premisa, apelo de novo á colaboración mutua, pero tamén á responsabilidade. Suxerir, pedir ou propoñer é fácil, pero outra cousa é ser consciente da realidade social e económica da nosa veciñanza e facer un uso correcto dos medios dos que se dispón. Para equilibrar esa balanza é preciso xestionar con eficacia, estar atentos ás oportunidades que se presentan, como ocorreu cos fondos europeos, ou chamar a todas as portas na busca de financiación para seguir investindo en Vilagarcía.

E aí é onde entra a confrontación política, no bo sentido da palabra confrontación: para uns será mellor investir en tal o cal rúa ou praza; uns levarían a política cultural ou turística por aquí e outros por alá... É lóxico e lexítimo, pero sempre sen perder de vista o marco no que nos movemos. E, neste sentido, sería desexable que algunhas das outras administracións coas que temos que colaborar sexan sensibles ás demandas dos veciños de Vilagarcía, con independencia da cor política de quen a goberna circunstancialmente.

Poderase estar de acordo ou non co noso proxecto de cidade, pero nós témolo claro: a Vilagarcía

que queremos é unha cidade aberta, solidaria, con igualdade de oportunidades e con calidade de vida. Algúns pasos xa demos nese sentido: a política de humanizacións de rúas e prazas, acompañada dunha rede de aparcamentos gratuítos; a aposta pola mobilidade sostible e a intermodalidade do transporte; a ampliación dos servizos sociais; as axudas aos estudantes e os emprendedores, garantindo con iso a igualdade de oportunidades; a creación de novas prazas de educación infantil, facilitando a conciliación laboral e familiar; o apoio ao deporte de base pero tamén federado; a atención ao rural, aínda recoñecendo que sempre quedarán cousas por facer; a defensa da igualdade de xénero e dos nosos maiores...

Imos –penso- polo bo camiño, pero todos queremos máis. E nesas estamos: temos por diante catro anos de paixón e de traballo por Vilagarcía: algúns dos retos xa foron citados, pero hai moitos máis: unha nova extensión dos servizos sociais, o albergue para peregrinos, a revitalización do museo do ferrocarril, a posta en valor do balneario, a creación de novo solo industrial, a apertura da Vía Verde, a ampliación da biblioteca, a rede de ciclovías..., son so algúns.

En todo caso, unha mostra evidente de que unha cidade é un ser vivo e en constante transformación; unha transformación na que inflúen factores internos pero tamén externos, e por iso é tan necesario ter visión do presente sen perder de vista o futuro pero tampouco o pasado, porque non chegamos aquí por inspiración divina: como dixen antes, todos somos herdeiros e debedores do que as xeracións anteriores fixeron por nós e pola nosa cidade.

Sorolla lembrounos a beleza do noso “fermoso horizonte”. Na nosa man, na de todos e todas os que queremos a Vilagarcía, está facer que a nosa cidade camiñe cara alí. Certo que, como dicía Galeano, o “horizonte é a utopía, e cando un camiña cara el, o horizonte se afasta”. Pero certo tamén que, como reflexionaba o propio escritor, para iso serve o horizonte, para camiñar. Ese é o noso traballo: camiñar. E a iso dedicarei cada esforzo: a divisar o fermoso horizonte que ten Vilagarcía e a camiñar cara el.

Ou dito doutro xeito: temos a responsabilidade de deixar aos nosos fillos unha Vilagarcía mellor da que nós atopamos, como antes o fixeron os nosos pais e avós por nós. Para esa tarefa, como dixen aquí hai agora xusto 4 anos, conto con vós; contades comigo.

Moitas grazas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190615&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.